A Estrada, II, 2, Arcos, Marzal 1979

CD 226 17

| | |
|---|---|
| Virtudes | 63 años |
| Pura | 40 " |
| María | 70 " |
| Manuela | 65 " |

Pura

II,2,321. Home: Intercalación - IV, 1, 430, 440,485

323. 13) A ruada pandeireta:/ (3)
os homes van a raial-e(real) VI 1269 &
cuatro por unha peseta.

324. 14) Non quero que á misa vaias (3)
nin a porta dos homes
nin aghua bendita tomes
donde a toman os homes.

Manuela

327. 15) Xa non quero vaina (4)
non quero vaiar
non quero que me poña-
-la man na saia.

/:A man na saia :/
que se foras solteira
igual me daba.

329. 16) Botei un limón a tombos (5)
na tua porta parou
cando o limón ten amores
que fará quen o botou.

331. (17) 17) O cantar dos arrieiros (6)
é ch' un cantar moi baixiño I 56
cántano en Ribadavia I 3456
resona no Carballiño.

333. 18) O primeiro amor que eu teña (6)
ha de ser un arrieiro. I 353a
Non ten botiña sin viño
nin bolsillo sin diñeiro.

Está o tempo de troupele troupele...= Estr. II,1,408-27

343. 19) Eu non quero ser muiñeiro (6)
nin barre-lo tremiñado I 56
que despois no outro mundo
toman conta do roubado. I 152b

Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

A Estrada, II, 2, Arcos, Marzal 1979

CD 226, 17-18

| | |
|---|---|
| Virtudes | 63 años |
| Pura | 40 " |
| María | 70 " |
| Manuela | 65 " |

María

II,2,352. 20) Téñoche un can de palleiro (6) 1991
que de noite anda ceibado,
ten coidado Maroxiña,
Maroxiña ten coidado.

358. 21) Andate sapo pequeno (6) I 5b
que esta noite hei de cocer-e V 179c
se non teño varredoiro
contigo che hei de varrer-e.

Pura

376. (18) 22) ¿Ónde vai o carralleiro?/ (3) I 72b
Vai-lo loquiño de contento I 448
en busca do amor primeiro.

380. 23) Manuela

380. 23) Pó-lo sumbreiro de lado (2) IV 69b
como se foras alghén, V 280
inda podes da-las gracias
a quen na casa che tén.

María

384. 24) Asubíasme de lonxe (2) V 252
como si fuera un perdido
yo no soy perro de caza
que entenda por asubío.

Virtudes

388. 25) Maruxiña vela vela:/ (2)
Maruxiña faime a cama
que me quero deitar nela.

Manuela

392. 26) A subía que vai vento:/ (2) VI 1302 b
/: tamén eu a subiaba. :/
cando era do teu tempo.

Pura

398. 27) Quen me dera un ovo choco (2) V 214
vestidiño en saín
/: pa lle dar a aquela parva :/
que está mirando pa min.

Audio de referencia: MPG_SchSa_0226_018_en_A_Estrada_II_2_376

DO PATRIMONIO ARQUIVO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

A Estrada, II, 2, Arcos, Marzal 1979

CD 226, 18 - 19

| | | |
|---|---|---|
| Virtudes | 63 | años |
| Pura | 40 | " |
| María | 70 | " |
| Manuela | 65 | " |

Manuela

II,2,402 28) Traeme a corda do ghando:/ (2) V, 162 b
/:Para prende-los pasmóns:/
que pa min están mirando.

405. 29) /:Ten a barrigha azulada:/ (2) V 236
|:de comer tantas sardiñas :|
a corentena pasada.
(guaraesma)

Pura

410. 30) [Eso] que ti dis aghora (2) V 123 b
inda cho eu repinico
teño unha ghaliña choca
que che ha de ir caghar ó bico.

María

413. 31) /:Andas de churrús/churrúse:/ (2) IV 69 b / V 217
escapando á túa nai
~~lo laghartiño~~ no cú-e. ... iña

418. 32) Quen me dera ~~volverme hedra~~ (ser hedra / herba)
e subir por las paredes
entrar en tu habitación
|:por ver el dormir que tienes:|

Manuela

421. 33) /:Teño unha herba na horta (2) V 162 a
que lle chaman chopo blanco:/
inda onte me dixeron
que eras fillo dun boi blanco.

Pura

425. 34) Teño unha herba na horta V 170 a
que me seca po-lo pé (2)
así sequ'a túa lengua
por deci-lo que non é.

~~Manuela~~ María

430. 35) Teño unha herba na horta (2) IV 69 b / V 167
que se chama violeta
debaixo do meu zapato
teño un corno a que che meta[redacted].

DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
ARQUIVO
A P O I
Museo do Pobo Galego
instituto de estudos das identidades

A Estrada, II, 2, Arces, Marzal 1979

CD 226, 18-19

| | |
|---|---|
| Virtudes | 63 años |
| Pura | 40 " |
| María | 70 " |
| Manuela | 65 " |

Manuela

II,2,446. 36) Teño unha herba na horta (2) V 161
que lle chaman (a)puríña:/
inda onte me dixeron
que eras fillo da murriña.